

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2026

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúen á Xunta de Galicia, no ámbito das súas relacións coas entidades locais galegas, competencias en materia de cooperación e colaboración interadministrativa, as cales poderán artellarse, entre outros instrumentos, mediante a formalización de convenios.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de administración local, emerxencias e interior da Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro da súa estrutura orgánica conta coa Dirección Xeral de Administración Local, que é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de administración local.

Con motivo da problemática xerada polo avance da avésa asiática na Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte esta especie, co fin de minimizar a incidencia desta especie sobre as producións apícolas, que recolle fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños, sempre que sexa posible.

Ata o ano 2020, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa velutina realizáronse polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

O 24/02/2020, co obxectivo de redobrar esforzos e concentrar os recursos na loia contra a Vespa velutina, asinouose o convenio entre a entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (*Vespa velutina*).

Posteriormente, á vista dos bos resultados acadados, o citado convenio volveuse



asinar os anos 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025, lográndose nos dous últimos anos mencionados a adhesión da totalidade dos concellos galegos.

Polas razóns expostas, no ano 2026 propúxose novamente a sinatura do convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avésa asiática (*vespa velutina*)

Para os efectos sinalados, formalizouse con Fegamp o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27 de abril de 2026 ata o 30 de decembro de 2026.

O convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (*Vespa velutina*) no ano 2026 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos

O instrumento convencional fundaméntase na necesidade de establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (*Vespa velutina*), redobrando esforzos e centralizando recursos na loita contra este especie invasora. O que significa a asunción pola administración autonómica da coordinación de actuacións para a retirada e destrución de niños de *Vespa velutina* no territorio galego coa colaboración dos 313 concellos galegos adheridos.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local
(Documento asinado electronicamente)

Natalia Prieto Viso

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal

